

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de CEDEIRA desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción, por **VIA DE URXENCIA: APOIAR Á COMUNIDADE EDUCATIVA NA REIVINDICACIÓN FRENTE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA QUE RESTITÚA A 3ª UNIDADE DE EDUCACIÓN INFANTIL RECORTADA.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello escolar do Colexio de Educación Infantil e Primaria “Nicolás del Río” de Cedeira, manifestou en datas recentes o seu **malestar coa decisión tomada Consellería de Educación de agrupar a 52 alumnos de 3 anos en dous grupos**, reducindo os grupos existentes en anos anteriores. Na mesma dirección vai a recollida de firmas que país e nais están a realizar.

A pesar de que as normativas educativas establecen claramente **unha ratio máxima de 25 alumnos por aula** (que xa é excesiva), a Consellaría de Educación retorce a súa propia lexislación e elimina unha unidade das tres existentes.

O Partido Popular aplica a letra pequena da norma, **a excepcionalidade como arma para recortar os dereitos** a unha educación de calidade dos nenos de Cedeira. Aplican a posibilidade extraordinaria de incorporación tardía, no medio do curso por exemplo, que permite aumentar esta relación nun 10%.

Efectivamente, tal excepcionalidade está pensada para casos de incorporación tardía. Pero tal circunstancia non se dá neste caso. Os actuais dirixentes da Xunta de Galicia **xa xoñecían a previsión de 52 alumnos dende o mes de xuño**. Non cabe pois aplicar aquí a excepción. Deberíanse manter os 3 grupos.

Por outra banda a normativa é clara cando se refire a que as aulas de educación infantil deben ter **2 metros cadrados por alumno**. Neste centro as aulas de Infantil teñen 42-43 metros cadrados. Por lei só deben albergar a 21-22 alumnos. Se queren facer grupos de 26 alumnos, deben construír aulas de a lo menos 52 metros cadrados.

Para máis INRI os **baños** nesas aulas de Educación Infantil están **fóra das mesmas**, o que complica aínda máis as rutinas diarias con tanto alumnado. Nestas aulas, hai nenos e nenas multialérxicos, de atención temperá, diabéticos,... que necesitan atención individualizada.

Por outra banda, o "Nicolás del Río" é o **único centro educativo da localidade** que oferta educación infantil e primaria, polo que podemos atoparnos en febrero con mais alumnos de incorporación tardía e pasar a ter clases de 27, 28 ou 29 alumnos.

É de xusticia a reivindicación da comunidade educativa do noso Colexio de Educación Infantil e Primaria de recuperar a unidade de Educación Infantil eliminada, imprescindible para garantir a calidade educativa do alumnado do centro, e facilitar a atención individualizada a cada neno e nena. Toda Cedeira debe respaldar esta demanda, por elo presentamos diante deste Pleno a seguinte

#### **MOCIÓN**

1. A Corporación Municipal apoia a demanda de gran parte da Comunidade Educativa fronte á Xunta de Galicia de que se reintegre a unidade de infantil recortada.
2. O Alcalde debe convocar unha reunión cos representantes da Comunidade Educativa para deseñar unha estratexia común de actuación.
3. O Alcalde debe encabezar unha delegación que se reúna coas autoridades educativas da Xunta de Galicia para trasladarlles os argumentos inapelables que aconsellan a restitución da 3ª unidade de infantil.

En Cedeira, a 24 de setembro de 2014

JOSÉ LUIS VERGARA REY

Voceiro do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA